

LINGUA GALEGA 6º

Ola nenos e nenas, empezamos o 3º trimestre cargados de enerxía,

ESTOU MOI ORGULLOSA DE VÓS!



1. O primeiro que imos facer é correxir o repaso de Lingua Galega. Hoxe tócanos correxir a C.Lectora e o Vocabulario.
2. Despois imos terminar cos apartados que nos faltaban do tema tres:
 - **Expresión:** A escrita de poemas.
 - **Literatura:** O xénero lírico
 - ✓ **O noso autor:** Celso Emilio Ferreiro

➤ **Exposición:** A escrita de poemas

- Le e copia estes poemas:



Poema 1

Vai polo mar
como unha gaivota,
vai polo mar.
Vai polo mar
buscando camiños,
vai polo mar.

Ana M.^a Fdez.: *Ondas de verde e azul*, Edicións Xerais (adaptación).

Poema 2

—Cóbrega, a onde vas?
—Pola beiriña do río chegarei
a onde está o mar.
—Ranciña, a onde vas?
—Choutando cara á lagoa
na que quero batuxar.
—Curuxa, a onde vas?
—Voando vou polo aire
para chegar ao palmeiral.

Anisia Miranda: *Cantarolas*, Edicións Xerais.



- Volve a copiar o primeiro poema cambiando o verso que se repite por este: **«Vai polo ceo»**. Cambia tamén o segundo e o quinto versos por algo que estea relacionado co ceo.
- Continúa o poema 2 con máis preguntas e respostas.
- Vas facer agora un poema ti só.

➤ **SIGUE OS SEGUINTE PASOS:**

1. Elixo unha palabra bonita para o primeiro verso: por exemplo: «Felicidade»...
2. Escribe un verso curtiño (de seis sílabas, por exemplo) cunha actividade que produza felicidade: por exemplo: «Durmir coma un neno»... Pensa nas cousas que che gustan.
3. Repite os pasos 1 e 2, pero ten en conta que en todos os versos impares debe repetirse a mesma palabra, neste caso sería: «Felicidade»